

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1343).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da da sesión extraordinaria e urxente do 28 de novembro, extraordinaria e urxente do 9 de decembro, e extraordinaria e urxente do 14 de decembro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1344).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PARA PLATAFORMA UNIFICADA DE ALMACENAMENTO. EXPTE. 7909/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/12/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por incorporar ao sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación), segundo consta no informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016:

1. ACUNTIA, S.A.
2. SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
EDNON, S.L.	79,97
COREMAIN, S.L.U.	73,90
TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	72,24
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	70,38
SIVSA, SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.	61,62

INFORHOUSE, S.L.	57,76
ASAC COMUNICACIONES, S.L.	42,59

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 9 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 19 de decembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 29 de novembro e do 7 de decembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EDNON, S.L., o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 128.699,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.336,23 euros.*
- b) Propón un incremento de 51 terabites do almacenamento ofertado por nodo con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3A do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- c) Propón un incremento de 15,68 terabites do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3B do PPT.*
- d) Propón un incremento do prazo de garantía mínimo previsto no apartado 12 da folla de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares de 36 meses.*
- e) Propón un importe de mantemento anual dos equipos unha vez finalizado o prazo de garantía de 7.560,00 euros (IVE incluído).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1345).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DA ADXUNTA AO DIRECTOR DE GABINETE DE ALCALDÍA. EXPTE. 91/1102.

Dáse conta da Resolución do Alcalde, de data 11/11/16, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 11/11/2016, tomou coñecemento da elevación a definitivo do acordo de “Modificación puntual da vixente RPT en execución de acordo plenario de data 26/07/2016. Expte. 28637/220” e modificou con carácter definitivo os acordos da XGL 15/06/15, 13/08/15 e 29/04/16 de adscrición de persoal eventual de Alcaldía para a súa adecuación á vixente Relación de Postos de Traballo e cadro de persoal e, en consecuencia, modificou 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrada no persoal eventual, coa denominación de “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, adscribindo á

persoa que ocupe a dita praza á Alcaldía en réxime de xornada completa, cunha retribución bruta anual de 41.707,84€.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D^a Patricia Rodríguez Calviño como persoal eventual-posto de asesora do Grupo municipal Socialista, nomeada no seu momento mediante Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015.

Segundo.- Nomear a D^a Patricia Rodríguez Calviño, persoal eventual-posto adxunta Director de Gabinete Alcaldía, suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Adxunta/Director de Gabinete Alcaldía.	Xornada completa	41.707,84 euros	Patricia Rodríguez Calviño

Terceiro.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Quinto.- Notifíquese a presente a D^a Patricia Rodríguez Calviño, á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Gabinete Alcaldía, Grupo municipal socialista e demais persoas interesadas para os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(1346).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos, remitidos polo Servizo de Ase-soría Xurídica:

- a) Expediente nº 9390-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento: PO 472/2015. Demandante: D^a Cristina Izquierdo Villar. Obxecto: Acto/data: Resolución do 02/06/2015, reclamación patrimonial administrativa caída na vía pública (Expte.: 4236/423). Desestimado o recurso.
- b) Expediente nº 9671-111. Sentenza do Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra con sede en Vigo. Impugnación de inventario 435/2015 (Prazadouro S.L.). Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: Impugnación do inventario solicitando alteración da calificación de créditos. Desestimación da demanda de impugnación.
- c) Expediente nº 9946-111. Auto do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Ourense. Xuízo verbal 399/2016. Demandante: Caixabank S.A. Obxecto: Demanda de tercería de dominio. O Auto inadmite a demanda.
- d) Expediente nº 9804-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 235/2016 . Demandante: Rosario Martínez González. Obxecto: Reclamación de responsabilidade patrimonial. Parcialmente estimado.
- e) Expediente nº 9761-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 208/2016. Demandante: Jose Manuel López Groba. Obxecto: Responsabilidade patrimonial. Desestimado o recurso..
- f) Expediente nº 9817-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 289/2016. Demandante: Maria Ángeles Asensio Goicoechea. Obxecto: Resolución sobre responsabilidade patrimonial. Desestimado o recurso.
- g) Expediente nº 9870-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 345/2016. Demandante: Maria de la Paz Aparicio Ramos. Obxecto: Inadmisión de r/ extraordinario de revisión fronte providencia de prema do IVTNU. Desestimado o recurso.
- h) Expediente nº 8756-111. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (provén do Xulgado do Contencioso nº 2 de Vigo) no Recurso de Apelación 243/2016 (Recurso de orixe P.A.230/2014). Demandante: Úrsula Comesaña Ambrosio. Obxecto: Impugnación de auto de execución de sentenza do 20/4/16. Desestimado o recurso.
- i) Expediente nº 9824-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 281/2016. Demandante: Génesis seguros e Celso Feijoo Carneiro. Obxecto: Reclamación por responsabilidade patrimonial-caída en motocicleta. Estimado parcialmente o recurso.
- k) Expediente nº 9863-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento: PA 338/2016. Demandante: D^a AINHOA CRISTINA SANCHEZ FAMOSO. Obxecto: Resolución do 27/04/2016 (en reposición). Sanción Trafico (NIC). Expte.: 168605322. Desestimado o recurso.
- l) Expediente 9843-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento: PA 323/2016. Demandante: D EMILIO COCHON CASTRO. Obxecto: Sanción Trafico (Expte.: 158634899) Desestimado o recurso.

- m) Expediente nº 9839-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no procedemento: PA 310/2016. Demandante: D ELISEO CABALEIRO RODRIGUEZ. Obxecto: Resolución do 14 de abril do 201. RPA, caída na vía pública o 20/06/2015 (Expte.: 4808/423). Desestimado o recurso.
- n) Expediente nº 7269/111. Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento: PO 93/2012. Demandante: PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. Obxecto: Acto do 14/11/2011 e desestimación presunta de reposición. Solicitud do 27/10/2011 de contractual (Expte.: 3839/241). Declara rematado o procedemento.
- ñ) Expediente nº 9814-111. Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Procedemento: PO 249/2016. Demandante: FEDERACION DE ASOCIACIONES VECINALES EDUARDO CHAO. Obxecto: Resolución do 01/03/2016. Subvención. (Expte.: 7154/320). Declara a caducidade do procedemento.
- o) Expediente nº 9832-111. Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 313/2016 PA. Demandante: D.CARLOS AVAL LOURIDO. Obxecto: Sanción de Tráfico (exceso de velocidade, nic). Exp: 168610004 e 168610005. Desestímato do demandante.
- p) Expediente nº 9844-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no PA 324/2016. Demandante: D. BENEDICTO ABALDE VAZQUEZ. Obxecto: Resolución do 22-04-2016. RPA danos nunha finca por inundacions (Expt.4772/243) Desestimado o recurso.
- q) Expediente nº 9234-111. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, sección 4ª no PO 4/15354/2015. Demandante: RECREATIVOS PORTAS ,S.L. Obxecto: Resolución do TE-A de Galiza do 19/02/2015. Reclamación Económico-Administrativa, Tributos locais. Exps:43488, 46195/516 e 3127/500 (IAE 2009-2012). Desestimado o recurso.
- r) Sentenza do TSXG, Sala do C-A Sección 1ª no R.Apelación 190/2016 interposto por Dº SANTIAGO ARENAS VILLARROEL., contra Sentenza desestimatoria do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no PA 289/2014. Obxecto: Resolución do 23/05/2014. Bases provisión de "Inspector Municipal". Desestimado o recurso de apelación.
- s) Expediente nº 8021-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PO 109/2013. Demandante:" PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A." Obxecto: XGL 15-02-2013, reclamación de cantidades. Exps: 605/410 e 1602/241. Desestimado o recurso.
- t) Expediente nº 9823-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 2 de Vigo no Procedemento Abreviado 302/2016. Demandante: Ana Vázquez Vázquez. Obxecto: Reclamación por responsabilidade patrimonial. Desestimado o recurso.
- u) Expediente nº 9858-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 297/2016. Demandante: Raquel Pais López. Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial fronte á Autoridade Portuaria. Desestimado o recurso.

v) Expediente nº 9479-111. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Contencioso-administrativo. Procedemento Ordinario 4088/2016. Demandante: Concello de Vigo. Obxecto: resolución da TGSS que denega rectificación de efectos de alta na Seguridade Social. Estimado o recurso.

x) Expediente nº 9280-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 356/2015. Demandante: Vodafone España S.A.U. Obxecto: reclamación económico-administrativa por taxa de aproveitamento especial do dominio público. Desestimado o recurso.

y) Expediente nº 9253-111. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Recurso de Apelación 15011/2016 (Procedemento ordinario 402/2015 XCA 2 de Vigo). Demandante: Vodafone España S.A.U. -antes Airtel móvil S.A.-Obxecto: expediente TEAC Vigo e impugnación indirecta de ordenanza fiscal. Desestimado o recurso.

z) Expte. nº 9845-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 321/2016. Demandante: Eduardo Silva Martínez. Obxecto: bonificación no imposto de IVTM. Estimado parcialmente o recurso.

aa) Expediente nº 9725-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Vigo. Procedemento Especial de Dereitos Fundamentais 197/2016. Demandante: Roberto Lorenzo Alonso.Obxecto: vulneración de dereitos fundamentais. Desestimado o recurso.

ab) Expediente nº 9836-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo. Procedemento Abreviado 302/2016. Demandante: Francisco Prado Rosendo. Obxecto: sanción de tráfico. Firme remata o procedente con custes ao Concello.

ac) Expediente nº 9778-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo. Procedemento de despedimento 611/2016. Demandante: Iván Julio Ramos Martínez. Obxecto: Despedimento (Zoo Madroa). Desestimación da demanda.

ad) Expediente nº 9656-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo. Procedemento de despedimento nº 90/2016. Demandante: Julio Aboy Rial. Obxecto: Despedimento do parking da Praza de Portugal. Estimada parcialmente con absolución do Concello de Vigo.

ae) Expediente nº 9862-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 323/2016. Demandante: Allianz Seguros. Obxecto: Responsabilidade patrimonial por danos. Firme. Estimada a demanda.

af) Expediente nº 9884-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 372/2016. Demandante: Manuel Carballo Rodriguez. Obxecto: reclamacion por responsabilidade patrimonial. Desestimación da demanda.

ag) Expediente nº10027-111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 426/2016. Demandante: Juan jose Fernandez Varela. Obxecto: sancion de trafico. Desestima a demanda.

ah) Expediente nº 9879-111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Obxecto Modificación Sustancial das Condicións de Traballo 615/2016. Demandante: Jose María Estévez Currás. Desestima o recurso.

ai) Expediente nº 9547-111. Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 1 de Sarria. Demandante: Sindicatura da quebra de Construcciones Noceda. Obxecto: Reclamación de cantidades e declaración de cesión ilegal. Estima o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(1347).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA SAN SILVESTRE 2016, O VINDEIRO DOMINGO 31 DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 15626/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/12/16, asinado polo coordinador deportivo, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Concellería de Deportes, solicitou o día 30 de novembro de 2016, a través do Rexistro Municipal (Doc. 160162246), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: SAN SILVESTRE 2016*
- *Data: 31 de decembro de 2016*
- *Horario: A PARTIR DAS 17.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro sábado 31 de decembro de 2016. A proba comezará ás 17.00h, cunha duración aproximada de dúas horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída dende a rúa Areal (cruce con Concepción Areal) para seguir pola Praza de Compostela, García Olloqui, Alameda, Pablo Morillo, Cánovas del Castillo, Beiramar, Teófilo Llorente, Real, Triunfo, Plaza Constitución, Femín Penzol, Marqués de Valladares, Rosalía Castro, Pontevedra, para rematar na rúa Areal.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento ao Servizo de Limpeza e Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.-FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Concellería de Deportes, a organizar a proba deportiva denominada SAN SILVESTRE 2016, o vindeiro domingo 31 de decembro de 2016, a partir das 17.00h, co percorrido seguinte: saída dende a rúa Areal (cruce con Concepción Areal) para seguir pola Praza de Compostela, García Olloqui, Alameda, Pablo Morillo, Cánovas del Castillo, Beiramar, Teófilo Llorente, Real, Triunfo, Constitución, Femín Penzol, Marqués de Valladares, Rosalía Castro, Pontevedra, para rematar na rúa Areal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1348).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO PÚBLICO IES SANTA IRENE POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA. EXPTE. 387/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16 e o informe de fiscalización do 7/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/16, asinado polo director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 17 de Xuño de 2016 firmase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 21 de Xuño de 2016 fírmase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta do texto do convenio polo Director Técnico.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe ca proposta para convenio de colaboración.

Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 7 de Decembro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:

- a) A parte resolutiva do Informe-Proposta debe recoller adecuadamente o apartado no artigo 6 da Ordenanza 52 de Tributos e Prezos Públicos na que se fundamenta a exención, isto é o apartado a) e non o c)

Con data 13 de Decembro realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas no puntos a) do informe de fiscalización.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Lei 15/2015, do 24 de Decembro.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.
-

XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar IES Sta. Irene desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na parcela anexa ó Complexo Municipal de Travesas, na Praza de América, 7, en Vigo. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro IES Sta. Irene considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo IES Sta. Irene, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co Centro IES Santa Irene. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo IES Santa Irene conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- Búscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación da Pista Vermella e pista do Carmen no Complexo de Travesas.
- A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- O IES Santa Irene, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- O IES Santa Irene, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- O IES Santa Irene, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación de Travesas nos horarios seguintes:

Días	Instalación	Horario
Luns a venres	Pista Vermella	De 08,30h a 14,30h
Luns a venres	Pavillón do Carmen	De 08:30h a 10:00h

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2016-2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A IES Sta. Irene, en base ó artigo 6, letra a) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma

do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1011.54 horas durante a duración do convenio, cun importe por hora de 7.95 €, e que ascende a un importe estimado de 8.041,74 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O IES Santa Irene, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Colexio Público IES Santa Irene para o uso da instalación deportiva dentro da asignatura de Educación Física pertencente o currículo de educación obrigatoria.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Travesas, que ascende a 8.041,74 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "a" do artigo 6, do capítulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº387/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O CENTRO ESCOLAR IES SANTA IRENE POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.

Doutra parte D. Federico Bertólez Ruiz con dni 13922507D, como representante legal do Centro IES Sta Irene con CIF Q-8655098E, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar IES Sta Irene, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na parcela anexa ó Complexo Municipal de Travesas, ubicada na Praza de América, 7, en Vigo. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar IES Sta Irene nas instalacións Municipais da Pista Vermella e pavillón do Carmen no Complexo Municipal de Travesas.*
- O Centro escolar IES Sta Irene en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 1011.54 horas, durante a vixencia do convenio, cun importe por hora de 7.95 €, e que ascende ó importe estimado de 8.041,74 €.*
- O Centro escolar IES Sta Irene comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal da Pista Vermella no Complexo Municipal de Travesas nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
- O Centro escolar IES Sta Irene presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
- O Centro escolar IES Sta Irene é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
- O Centro escolar IES Sta Irene comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.*
- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.*
- O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.*
- Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.*
- Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma, o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.*
- A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*
- A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación, mantemento ou reformas. Neste caso se avisará á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.*
- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2016-2017:*

Días	Instalación	Horario
Luns a venres	Pista Vermella	De 08,30h a 14,30h
Luns a venres	Pavillón do Carmen	De 08:30h a 10:00h

- *O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar IES Sta Irene, nas datas establecidas segun establece a Concellería de Deportes.*
- *No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1349).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CEIP ALTAMAR POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA. EXPTE. 383/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16 e o informe de fiscalización do 2/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/16, asinado polo director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 17 de Xuño de 2016 asinase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe ca proposta do texto do convenio.

Con data 23 de Setembro de 2016 o Director Técnico realiza informe proposta para convenio de colaboración.

Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o infórme xurídico favorable.

Con data 2 de Decembro de 2016 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a modificación e actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:

- b) A parte resolutiva do Informe-Proposta debe recoller adecuadamente o apartado no artigo 6 da Ordenanza 52 de Tributos e Prezos Públicos na que se fundamenta a exención, esto é o apartado a) e non o c)*

Con data 13 de Decembro realízase nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico coas modificacións recollidas no puntos a) do informe de fiscalización.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- *Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacions deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola*

lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.

- *Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
- *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
- *Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
- *Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
- *Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.*

XUSTIFICACIÓN:

O Centro escolar CEIP Altamar desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Cesáreo González. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados á poboación escolar pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física dos e das escolares vigueses e viguesas da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo CEIP Altamar considerando que ademáis este centro conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos escolares, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinado polo IES Sta. Irene, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca administración educativa e co CEIP Altamar. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a o Centro Público Educativo CEIP Altamar conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización,

seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- Búscase o uso dunha instalación por un Centro Educativo Público para as actividades deportivas na asignatura de Educación Física dentro do currículo da educación obrigatoria, na instalación do Pavillon do Frontón e frontons exteriores 3 e 4 no Complexo de Travesas.
- A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- O CEIP Altamar, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- O CEIP Altamar, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- O CEIP Altamar, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación de Travesas, na pista do Frontón cuberto e nos frontóns exteriores 3 e 4, nos horarios seguintes:

Días	Horario	Instalación
Luns a venres	09,00h a 14,00h	Pavillón do frontón
Luns a venres	09,00h a 14,00h	Frontóns exteriores 3 e 4

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso lectivo 2016-2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A CEIP Altamar, en base ó artigo 6, letra a) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 993 horas de reserva cun importe de 5.45 € hora e que ascende a un importe estimado de 5.411,85 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O CEIP Altamar, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Colexio Público CEIP Altamar para o uso da instalación deportiva dentro da asignatura de Educación Física pertencente o currículo de educación obrigatoria.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Travesas no frontón cuberto e nos frontons exteriores 3 e 4, que ascende a 5.411,85 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "a" do artigo 6, do capítulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº383/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O CENTRO ESCOLAR CEIP ALTAMAR POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE TRAVESAS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.

Doutra parte Dna. Ángeles Rodríguez Carrera con dni 36055134N, como representante legal do Centro CEIP Altamar, tal como acredita, con CIF S-8600022A, tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar CEIP Altamar a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Cesáreo González. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar CEIP Altamar nas instalacións Municipais da Pista Vermella e pavillón do Carmen no Complexo Municipal de Travesas.*
- O Centro escolar CEIP Altamar en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 993 horas de reserva cun importe de 5.45 € hora, e que ascende ó importe estimado de 5.411,85 €.*
- O Centro escolar CEIP Altamar comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do Frontón Cuberto no Complexo Municipal de Travesas nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
- O Centro escolar CEIP Altamar presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
- O Centro escolar CEIP Altamar é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
- O Centro escolar CEIP Altamar comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.*
- A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.*
- O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.*
- Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.*
- Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma,o*

docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.

–A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.

–A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación, mantemento ou reformas. Neste caso se avisará á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.

–A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2016-2017:

<i>Días</i>	<i>Instalación</i>	<i>Horario</i>
<i>Luns a venres</i>	<i>09,00h a 14,00h</i>	<i>Pavillón do frontón</i>
<i>Luns a venres</i>	<i>09,00h a 14,00h</i>	<i>Frontóns exteriores 3 e 4</i>

- O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar CEIP Altamar, nas datas establecidas segun estableza a Concellería de Deportes.*
- No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado.

8(1350).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO (AGASFRA) PARA A EXENCIÓN DO PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA DIRIXIDO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO. EXPTE. 376/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16 e o informe de fiscalización do 13/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 9/11/16, asinado polo director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Con data 17 de Xuño de 2016 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 21 de Xuño de 2016 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase a proposta do texto de convenio polo Director Técnico.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta de convenio de colaboración polo Director Técnico.

Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 26 de Outubro de 2016 solicítanse modificacións nos informes e actualización da documentación polo servizo de intervención para a súa fiscalización.

Con data 8 de Novembro de 2016 asínase a nova proposta do texto de convenio polo Director Técnico.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- *Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.1) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.*
- *Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.*
- *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.*
- *Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.*
- *Lei 15/2015, do 24 de Decembro.*
- *Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.*

XUSTIFICACIÓN:

A Asociación AGASFRA é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación AGASFRA ten entre os seus fins, a protección estimulativa de persoas con discapacidade psíquica, especialmente ás persoas con síndrome de Down, discapacidade sensorial ou parálisis cerebral, actuando en todos os planos para a promoción integral das mesmas, potenciando a súa normalización e integración no seu entorno familiar, social e laboral.

A Asociación AGASFRA, desenvolve a súa labor educativo-formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Cangas, Nº 14. Esta asociación centro educativo-formativa non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento dos programas vinculados á Actividade Física necesaria para o colectivo.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais, pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola entidade Asociación AGASFRA, considerando que ademáis a mesma conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos con necesidades especiais, plantéxase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento de dita actividade coordinado pola Asociación AGASFRA, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

Ademáis, o artigo 6.c das ordenanzas de tributos e prezos públicos 2016, establece que atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos “as actividades ou programas organizados pola concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (persoas físicas ou xurídicas)”.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba o propia Asociación AGASFRA. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Centro de Educación Especial Menela conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) *Búscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da actividades na Instalación de Coia e Pavillón Central.*
- b) *Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.*
- c) *A Asociación AGASFRA, responsabilizarse e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.*
- d) *A entidade organizadora, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.*
- e) *A Asociación AGASFRA para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.*
- f) *En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o “galego”.*

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación de Coia e Pavillón Central nos horarios seguintes:

<i>Días</i>	<i>Horario</i>
<i>Martes e Venres</i>	<i>12,00h a 14,00h en Coia</i>
<i>Mercoles</i>	<i>12,00h a 14,00h en Pavillón Central</i>

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración do curso 2016-2017, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Xullo do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Asociación AGASFRA, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un importe de 5.56 € por cada hora reservada, 4 horas a semana, durante 42 semanas, e que ascende a un importe estimado de 934,08 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Asociación AGASFRA, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobado o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación AGASFRA para a dinamización do programa de Actividade Física para este colectivo, nas instalacións Municipais de Coia e Pavillón Central de Travesas na Tempada 2016/2017.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal da pista de Coia e pavillón Central de Travesas, que ascende a 934,08 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capítulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 376/611 DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE VIGO E A ASOCIACIÓN SAN FRANCISCO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Na Concellería de Deportes, a ____ de _____ de 2016.

REUNIDOS:

Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.

Doutra parte: D. Eladio Fernández Pérez, DNI: 34242673C, como representante legal da Asociación Galega San Francisco (en adiante AGASFRA) co CIF: G-36613891.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectiva para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Asociación Galega San Francisco é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Galega San Francisco ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con necesidades educativas especiais, que fomenten a súa

participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a Actividade Física vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Galega San Francisco nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia e Pavillón Central.*
- 2. O Asociación Galega San Francisco, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un importe de 5.56 € por cada hora reservada, 4 horas a semana, durante 42 semanas que dura o convenio, e que ascende ó importe estimado de 934,08 €.*
- 3. O Asociación Galega San Francisco, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia e Pavillón Central de Travesas nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.*
- 4. A Asociación Galega San Francisco presentará, á sinatura do convenio o programa completo da actividade.*
- 5. A Asociación Galega San Francisco é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.*
- 6. A Asociación Galega San Francisco comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.*
- 7. A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade con calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.*
- 8. A Asociación Galega San Francisco presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garante as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e os posibles danos que ésta poidera causar no patrimonio Municipal.*
- 9. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente as vinculadas ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.*
- 10. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.*

11. A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
12. A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso se avisará a asociación, debendo ésta, cancelar a actividade na instalación Municipal.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios dende a sinatura do convenio ata o 31 de Xullo de 2017:

Días	Horario
Martes e Venres	12,00h a 14,00h en Coia
Martes	12,00h a 14,00h en Pavillón Central

14. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude da Asociación Galega San Francisco nas datas establecidas e presentando a documentación solicitada.
15. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ___ de ___ de setembro de 2016.

O Alcalde de Vigo
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Concelleiro Delegado de Deportes
Asdo. José Manuel Fernández Pérez

O Presidente de AGASFRA
Asdo. Eladio Fernández Pérez

9(1351).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DOWN VIGO PARA A EXENCIÓN DO PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA DIRIXIDO A PERSOAL CON SÍNDROME DE DOWN. EXPTE. 370/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7/10/16 e o informe de fiscalización do 16/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 9/11/16, asinado polo director técnico do Servizo Municipal dos Deportes, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Con data 17 de Xuño de 2016 firmase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 21 de Xuño de 2016 fírmase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta polo Director Técnico.

Con data 23 de Setembro de 2016 asínase o informe proposta do texto do convenio polo Director Técnico.

Con data 7 de Outubro de 2016 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 26 de Outubro de 2016 solicítanse modificacións nos informes e actualización da documentación polo servizo de intervención para a súa fiscalización.

Con data 8 de Novembro realízase a nova proposta do texto do convenio polo Director Técnico.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.1) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.

Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.

Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.

Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.

Lei 15/2015, do 24 de Decembro.

Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

XUSTIFICACIÓN:

A entidade Asociación Síndrome de Down é unha entidade de carácter benéfico asistencial, cos beneficios que o ordenamento xurídico outorga para este tipo de entidades. Ademais, a Asociación Síndrome de Down ten personalidade xurídica, plena capacidade de obrar, e réxese polo disposto na lei orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación, polas demais disposicións legais que lle sexan aplicables, e polo establecido nos seus estatutos e nos seus regulamentos.

A Asociación Síndrome de Down ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con Síndrome de Down, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre dirixidas a xóvenes con Síndrome de Down, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A..F vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais, pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola entidade Asociación Síndrome de Down, considerando que ademáis a mesma conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a colectivos con necesidades especiais, plantéxase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento de dita actividade coordinado pola Asociación Síndrome de Down, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva no ámbito do deporte escolar.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia Asociación Síndrome de Dwon. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Asociación Síndrome de Dwon conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da actividades na Instalación de Coia.*
- b) Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.*

- c) A Asociación Síndrome de Dwon, responsabilizarse e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) A entidade organizadora, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) A Asociación Síndrome de Dwon,, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.
- f) En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o “galego”.

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación de Lavadores nos horarios seguintes:

Días	Horario
Luns e Mércores	16,00h a 17,00h
Martes	11,00h a 14,00h

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de xullo do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Asociación Down, en base ó artigo 6, letra c) da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 226 horas durante a duración do convenio, a un importe de 5.56 € cada hora, e que ascende ó importe estimado de 1.256,56 €

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Asociación Síndrome de Dwon, previa á aprobación da presente proposta de convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará a representación legal para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, e previo informe xurídico e de intervención, a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación Síndrome de Dwon para a dinamización do programa de Actividade Física para persoas con Síndrome de Dwon, nas instalacións Municipais de Lavadores na Tempada 2016/2017.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación deportiva municipal da pista de Lavadores, que ascende a 1.256,56 €, para o desenvolvemento das actividades, en base o apartado "c" do artigo 6, do capítulo V "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2016, na súa ordenanza 52"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 370/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE VIGO E A ASOCIACIÓN DOWN VIGO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO ÁS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

Na Concellería de Deportes, a ____ de _____ de 2016.

REUNIDOS:

Dunha parte: D. Jose Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes de Vigo con DNI 36058513X.

Doutra parte: D. Fernando Molina Magdalena, como representante legal da Asociación Down Vigo, CIF: G-36697324

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectiva para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.

A Asociación Down Vigo é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Down ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con Síndrome de Down, a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre dirixidas a xóvenes con Síndrome de Down, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexiráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

- 1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Down nas instalacións Municipais do Pavillón de Lavadores.*
- 2. A Asociación Down, en base ó artigo 6, letra c), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 226 horas durante a duración do convenio, a un importe de 5.56 € cada hora, e que ascende ó importe estimado de 1.256,56 €*
- 3. A Asociación Down, comprométese a desenvolver o programa de A.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Lavadores nos horarios e datas establecidos no texto do convenio.*
- 4. A Asociación Down presentará, á sinatura do convenio o programa completo da actividade.*
- 5. A Asociación Down é o responsable do desenvolvemento das actividades na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable das mesmas.*
- 6. A Asociación Down comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das actividades.*
- 7. A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade con calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento do programa de actividade.*
- 8. A Asociación Down presentará, previa á sinatura do convenio, unha póliza de responsabilidade que garante as coberturas suficientes ós participantes na actividade, e os posibles danos que ésta poidera causar no patrimonio Municipal.*
- 9. As persoas que participen na actividade na instalación, será exclusivamente as vinculadas ó programa de A.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa o desenvolvemento do programa de A.F obxecto do presente convenio.*
- 10. Os e as participantes no programa accederán á instalación precedidos polo responsable do mesmo, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante do programa queda na instalación.*
- 11. A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.*
- 12. A Asociación Down Vigo comprométese a abrir e pechar a instalación nos horarios establecidos cando a instalación non esté operativa, facéndose responsable do acceso e control dos usuarios deste proxecto. Para tal efecto, a Asociación Down Vigo remitirá a Concellería de Deportes á sinatura do convenio os datos dos responsables da actividade, así como o listado de participantes nela.*

13. A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará a asociación, debendo ésta, cancelar a actividade na instalación Municipal.

14. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios dende a sinatura do convenio ata o 31 de xullo de 2017:

Días	Horario
Luns e Mércores	16,00h a 17,00h
Martes	11,00h a 14,00h

15. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude da Asociación Down Vigo nas datas establecidas e presentando a documentación solicitada.

16. No caso de incumprimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderanse aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ___ de ___ de setembro de 2016.

O Alcalde de Vigo
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Concelleiro Delegado de Deportes
Asdo. José Manuel Fernández Pérez

O Representante da Asociación Down Vigo
Asdo. Fernando Molina Magdalena

10(1352).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”, PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA “ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO” (EOIV). EXPTE. 18421/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 1/12/16, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola xefa do servizo de Educación, pola concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Concelleira Delegada da área de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da “Escola Oficial de Idiomas de Vigo “ (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo ben colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor currículo académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (achégase Acta da reunión do 10/11/2016 da EOIV presentada no rexistro de entrada municipal en data 29/11/2016 co nº de doc 160161868), que figura como Anexo IV nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración nas capitais do Reino Unido, Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE publicada no BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas locali-

dades de inmersión linguística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LR-BRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2017, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2017, cuxo proxecto obra no expediente 18421-332.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elexibles e que constan nas bases.

Consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 160.000.-€ que será aplicado como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercizo de 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
68	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.700,00	115.600,00
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	2.000,00	20.000,00
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	8.550,00

4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	6.840,00
2	Lisboa	Avanzado I e II	1.605,00	3.210,00
2	Tokio	Intermedio I, II e III, e Avanzado I e II	2.000,00	4.000,00
1	Pekín	Intermedio I, II e III	1.800,00	1.800,00
92				160.000,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Berlín, Roma, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), agás Lisboa onde poderá ser en avión, tren ou autobús.
- Matrícula do curso intensivo nun centro académico homologado do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 leccións semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento hostais, residencias estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.
- Para o destino de Londres, acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos para vinte ou máis persoas, e transporte o 1º e último día dende o aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- ✓ Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2016-2017, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións, en calquera dos niveis Intermedio I e II , Avanzado I e II dos Departamentos dos idiomas de inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués, nos niveis Intermedio I, II e III e Avanzado I e II do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma de chinés. Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.
- ✓ Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, nas capitais de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.

- ✓ A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2017 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de setembro do ano 2017.
- ✓ Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida pola Concelleira-Delegada de Educación.

Para acometer o gasto global de 160.000.-€ na convocatoria do ano 2017, consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercizo de 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2017.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2017, e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto de 160.000 euros con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2017, para a cobertura das 92 bolsas “Concello de Vigo” de estancias linguísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2017.

(modificadas coa finalidade de engadir o texto desta convocatoria específica e o extracto da mesma)

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado da EOI de

Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio I e II, Avanzado I e II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués; nos niveis Intermedio I, II e III e Avanzado I e II do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma chinés; a fin de que participe nun programa educativo no país do idioma correspondente.

A finalidade destas bolsas é contribuir a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.

Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Roma, Berlín, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), agás Lisboa onde poderá ser en avión, tren ou autobús.

Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 leccións semanais en réxime de inmersión lingüística.

Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

Aloxamento en hostais, residencias estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.

Para o destino de Londres; acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis personas, e transporte o 1º e último día dende aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.

Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Estas bolsas municipais non contribuirán a sufragar gastos distintos aos estrictamente mencionados no parágrafo anterior.

O programa deberá realizarse, dentro do ano 2017, e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2017. Non obstante, o calendario definitivo se lles comunicará aos beneficiarios por parte da EOI de Vigo.

A concesión destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, tal como dispoñen os artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

SEGUNDA.- Número de bolsas, destinos e contía

A contía máxima de cada bolsa será a seguinte:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
68	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.700,00	115.600,00
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	2.000,00	20.000,00
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	8.550,00
4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	6.840,00
2	Lisboa	Avanzado I e II	1.605,00	3.210,00
2	Xapón	Intermedio I, II e III, e Avanzado I e II	2.000,00	4.000,00
1	China	Intermedio I, II e III	1.800,00	1.800,00
92				160.000,00 €

No caso de non cubrirense a totalidade das bolsas para algún dos idiomas estranxeiros propostos nas presentes bases, as bolsas vacantes acumularanse automaticamente a calquera das seguintes linguas estranxeiras que presenten lista de agarda: Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués.

E serán ordeadas co criterio preferencial de maior cualificación final de expediente académico dos alumnos/as incluídos na lista de agarda de calquera dos mencionados idiomas. No caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes incluídos na lista de agarda de inglés, francés, alemán, italiano e portugués, cuxa renda sexa menor. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade.

O importe da bolsa deberá ser destinado na súa totalidade e exclusivamente ao financiamento do programa de estancias lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo, para esta convocatoria 2017, cuxa síntese se inclúe como ANEXO IV das presentes bases.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 160.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercicio de 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentaria futuro de 2017.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

Consonte á normativa legal vixente, as presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOP do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción nas páxinas web e nos taboleiros oficiais de anuncios do Concello (www.vigo.org) e da EOIV, e igualmente mediante a inserción do anuncio da convocatoria nun diario local impreso de maior tirada.

A resolución que acorde a concesión das bolsas, con expresión do/a alumno/a solicitante, expediente, finalidade da axuda (Bolsas Concello de Vigo ano 2017) e a resolución atribuída (concedida, denegada ou lista de agarda), publicarase nos taboleiros de anuncios e webs citadas de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTA.- Procedemento da concesión

O procedemento para a concesión destas bolsas será o de concurrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- Beneficiarios/as e requisitos

1. Os beneficiarios/as da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, da EOI de Vigo, que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

–Estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro 2016, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

–Ter entre a maioría de idade legal de 18 anos e un máximo de 55 anos na data de fin do prazo de presentación de solicitude da bolsa.

–Estar matriculado/a na sede central EOI de Vigo (r/Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2016-2017.

IV. Ter aprobados dous cursos na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa.

V. Non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.

VI. Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOI de Vigo nas anteriores edicións.

VII. Non ter gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

VIII. Atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

IX. Acreditar que se atopan ao corrente do pago das súas obrigas fiscais con Concello, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á Comisión Avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

X. Estar situado nun lugar da orden de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das bolsas convocadas.

2. Deberán solicitar as prazas os/as alumnos/as interesadosos.

3. As bolsas serán outorgadas en réxime de concurrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

4. Serán obrigas dos beneficiarios das bolsas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

SEXTA.- Compatibilidade

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2016, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

SÉTIMA.- Solicitudes e documentación

1. Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar á axuda poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) no Servizo de Educación do Concello de Vigo situado na Praza do Rei, s/n (11º andar), nas dependencias da EOIV, ou ben descargarlos da páxina web www.vigo.org, no seu apartado de Educación.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo establecido no punto terceiro, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n, 36202 Vigo) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder a súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar ao Servizo de Educación (986810181) xustificante do envío postal, a través do e-mail "vigoeningles@vigo.org"

A presentación da solicitude desta axuda levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación nas páxinas web da Servizo de Educación do Concello de Vigo e da EOIV así como nos taboleiros de anuncios oficiais de ámbalas dúas institucións.

2.Documentación:

- Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada segundo o modelo que figura no **Anexo I**.
- 2 Fotocopias simples do DNI do solicitante ou pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Xustificación de ingresos: Aqueles que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade familiar. Aqueles que non presenten a documentación acreditativa de ingresos ou situación económica de renda e patrimonio, dentro do prazo establecido, suporá a renuncia implícita de ser valorado neste apartado do baremo que se recolle no punto oitavo, e se lle otorgará cero puntos.
- Certificación académica orixinal da EOI de Vigo na que conste:

- A cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos, no idioma no que solicita a bolsa.
 - Que está matriculado na EOI de Vigo no curso 2016-2017.
- Fotocopia simple y completa do libro de familia ou acreditación de outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor, convenio regulador ou sentenza de separación para acreditar a condición de familia monoparental, se é o caso.
 - Certificados que acrediten que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia tributaria estatal, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Seguridade Social. Estes certificados poderán ser substituídos por unha declaración responsable do/a solicitante como réxime simplificado desta acreditación. Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello a recabar os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
 - A situación dos compoñentes ou integrantes da unidade familiar individual comprobarase de oficio pola propia administración mediante a emisión do certificado municipal de empadramento.
 - Certificado do INEM e vida laboral que acredite a situación de desemprego.
 - Declaración responsable de non ter residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
 - Declaración responsable de non ter sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
 - Declaración responsable de non ter gozado dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade nos cinco últimos anos, segundo o modelo que figura no **Anexo II**.
 - Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante.
 - No caso de que o solicitante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da bolsa municipal falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da bolsa concedida, e a esixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

OITAVA.- Tramitación e reparación de erros.

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a

documentación acreditativa dos mesmos, e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), enmende a falta ou achegue os documentos requiridos; e se lle informará de que no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOVENA.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante os seguintes criterios:

- a) A maior cualificación final acadada polo/a solicitante, resultante da media dos 2 últimos cursos oficiais aptos realizados nesta Escola, e desenvolvidos nos 5 últimos anos no idioma no que solicita a bolsa.
- a) Engadiranse á cualificación final acadada, franxas de 0,25 puntos por cada curso aprobado na EOIV nos últimos cinco anos, contados a partires do 3º inclusive, no idioma no que se solicite a bolsa.
- b) Engadiranse á cualificación final acadada no idioma no que se solicita a bolsa, 0,5 puntos por estar a cursar os niveis de Avanzado II dos idiomas Inglés, Francés, Alemán, Italiano, Portugués e Xaponés; e nivel Intermedio III do idioma Chinés.
 - a) Pola situación laboral de desemprego do/a alumno/a solicitante:
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego máis de 12 meses ininterrompidos = 1 punto.
 - No caso de levar en situación laboral de desemprego menos de 12 meses = 0,5 puntos.
 - b) Ao alumno/a solicitante con ingresos anuais per cápita iguais ou menores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) fixado para o 2016, en 7.455,14.-€/ano, outorgarase ata un máximo de 1 punto.

O ingreso anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes, e ten a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible de aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.
- a) A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, de xeito que se outorgarán as seguintes puntuacións sumadas á da cualificación:
 - Categoría Especial = 1 punto
 - Categoría Xeral = 0,5 puntos
- A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia monoparental, outorgarase ata un máximo de 0,5 puntos.
- Nembargantes, no caso de producírense empates na cualificación final, serán seleccionados aqueles solicitantes cuxa renda sexa menor, ordeándose a lista por este criterio para

adxudicar as bolsas restantes e tamén a lista de agarda. No caso de persistir o empate darase preferencia ao solicitante de menor idade. As bolsas serán adxudicadas, coas proporcións por idioma que se conteñen nestas Bases.

▪Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, e, se é o caso, trala valoración do nivel de renda e a aplicación ás listas do seu resultado, formárase unha lista ordenada de agarda para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial seleccionada en cada un dos idiomas obxecto desta convocatoria.

Para o caso de que, unha vez adxudicadas, haxa prazas vacantes por renuncia, serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda, que seguirá o procedemento establecido na presente cláusula.

DÉCIMA.- Comisión de valoración

Coa finalidade de examinar e avaliar a documentación presentada polos solicitantes, constituirase unha Comisión de valoración que estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, Dña. Olga Alonso Suárez que actuará de presidenta; a Xefa do Servizo de Educación, Dña. M^a José Loureiro Bada e o Técnico do Servizo de Educación, D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actuará como secretario; serán vocais da mesma, o Director da EOIV, D. Dionisio Martínez Soler e a Vicedirectora da EOIV, Dña. Ana Moure González.

Este órgano colegiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto noveno, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da bolsa, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a bolsa por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o "listado de agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Concesión e resolución das axudas

O Servizo municipal de Educación, en base aos informes da Comisión de Valoración, que previamente ten examinado e resolto as alegacións achegadas polos/as interesados/as, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, nº de expediente, curso, destino e resolución das axudas/prazas indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega.

Así mesmo, o Servizo municipal de Educación, como Instructor, de conformidade co recollido na cláusula sétima, fará constar expresamente que da información que obra no seu po-

der, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Na relación constarán:

1. Concedidas
2. Denegadas: con indicación da/s causa/s de denegación
3. Lista de agarda: con indicación da puntuación correspondente

A Xunta de Goberno Local aprobará a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda.

Esta relación exporase na web www.vigo.org, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e no taboleiro de anuncios da EOI Vigo.

O prazo de resolución e notificación das bolsas, preferentemente non excederá de 15 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

DÉCIMO SEGUNDA.- Aceptación da axuda

Os alumnos e alumnas que resulten beneficiarios e beneficiarias das bolsas deberán presentar, asinada, no Servizo de Educación do Concello de Vigo, situado na Praza do Rei, 1 -11 andar, unha aceptación expresa segundo modelo que figura no **Anexo III** nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Solicitud de libramento do primeiro 50% da bolsa no momento da concesión

Coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesión, os beneficiarios e beneficiarias que o desexen deberán entregar, xunto coa aceptación expresa, un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co Programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo que figura como Anexo IV destas Bases, e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro médico de asistencia na viaxe, e cancelación antes e durante a estancia. Será responsabilidade da empresa o entidade que presta o servizo, a contratación da escola para a formación lingüística e o aloxamento en destino (agás nos idiomas xaponés e chinés), segundo o programa establecido no Anexo IV das bases. A organización dos desprazamentos a os diferentes destinos é realizada pola empresa ou entidade que preste o servizo en nome dos beneficiarios/as, actuando unicamente como intermediario entre os bolseiros e as compañías de transporte, co obxectivo dunha mellor organización loxística do desprazamento dos beneficiarios/as. Sen prexuízo do momento no que sa produza a cancelación, o beneficiario/a, deberá asumir sempre e en todo caso o importe do billete do transporte conforme ás condicións de cancelación establecidas pola/s compañía/s emisora/s do/s mesmo/s, con independencia de que os beneficiarios/as exerciten cantas accións consideren oportunas fronte ás compañías emisoras, eximindo a empresa ou entidade que presta o servizo desta responsabilidade.

DÉCIMO CUARTA.- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados e para os que se concedeu a subvención. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non

se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV.

Coa aprobación pola Xunta de Goberno Local do listado de beneficiarios/as, e a presentación da aceptación expresa do beneficiario -tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento-, poderase aboar a este, en concepto de anticipo, o 50% da contía subvencionada (ao que podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida nas súa declaración de IRPF); isto en atención ás especiais características dos destinatarios, alumnado da EOI que podería non poder afrontar o pagamento por adiantado aos provedores deste tipo de servizos de transporte de viaxeiros e formación no estranxeiro, e, consecuentemente, a subvención perdería o seu sentido. En base ao disposto no artigo 42.2 b) do Regulamento da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios quedarán exentos da achega da garantía para este pre-pagamento.

O pagamento do 50% restante (ao que podería aplicarse a retención correspondente de IRPF que atendendo ás circunstancias persoais de cada beneficiario/a dará lugar ao posterior cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente. En todo caso, será responsabilidade do/a beneficiario/a informarse sobre as repercusións da contía recibida nas súa declaración de IRPF), farase trala realización efectiva do programa e previa presentación no Servizo municipal de Educación das correspondentes facturas orixinais, certificacións ou documentos equivalentes, emitidas a nome do solicitante polo importe total dos custos e coa certificación da Escola de Idiomas na que conste que a actividade realizada polo alumnado se corresponde integramente co programa aprobado pola EOIV. En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, debera realizarse polo beneficiario antes do remate do mes de setembro do ano 2017.

No caso de que un adxudicatario definitivo da bolsa renunciase á mesma unha vez percibido algún pagamento, poderá ceder a súa praza ao seu substituto da lista de agarda (establecido conforme ao disposto na cláusula oitava das presentes Bases), mediante escrito dirixido ao Concello de Vigo e documento fidedigno que acredite a transmisión do contrato asinado co provedor do servizo.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade das subvencións concedidas

A Base de Datos Nacional operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións..

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os/as beneficiarios/as deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade.

DÉCIMO SEXTA.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo de un mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DÉCIMO SÉTIMA.- Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A renuncia ou anulación de matrícula do curso 2016-2017 dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO OITAVA.- *Tratamento de datos de carácter persoal*

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, o Servizo de Educación do Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude por parte do alumnado da EOIV leva implícita a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa inclusión e publicación na citada páxina web ou nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás bolsas concedidas.

✓ A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a bolsa ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non entanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, respectarase o carácter confidencial da información dos beneficiarios á que se teña acceso como consecuencia da concesión das bolsas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

DÉCIMO NOVENA.- *Disposición final*

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presentación da solicitude implica que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria, e o cumprimento de todas as obrigas nelas establecidas.

ANEXO I SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA BOLSA "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO-EOIV (ANO 2017).										
1	DATOS DO ALUMNO/A SOLICITANTE									
PRIMEIRO APELIDO:					SEGUNDO APELIDO:					
NOME:										
ENDEREZO						NÚM.	PISO	BLOQUE	C.P.	
POBOACIÓN:						PROVINCIA:				
DATA DE NACEMENTO			SEXO		DNI / NIE		LETRA	PASAPORTE		
			Home		Muller					
TELÉFONO FIXO:					TELÉFONO MÓBIL:					
E-MAIL SOLICITANTE:										
2	DATOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A									
LINGUA NA QUE ESTÁ MATRICULADO NA EOI:							NIVEL:			
IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA: (Risque cun X o idioma que proceda)										
INGLÉS	ALEMÁN	FRANCÉS	ITALIANO	PORTUGUÉS	XAPONÉS	CHINÉS				
CALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NO IDIOMA NO QUE SOLICITA A BOLSA, QUE FIGURA NA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DA EOIV:										
3	DATOS RELATIVOS AO SOLICITANTE (Táchese o que proceda)									
É DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA OU RESIDENTE LEGAL:							SI		NON	
ESTÁ EMPADROADO NO CONCELLO DE VIGO:							SI		NON	
FAMILIA NUMEROSA:					ESP		XER		NON	
4	ACHEGA DOCUMENTACIÓN (Risque cun X o que proceda)									
2 Fotocopias do DNI, autorización de residencia ou pasaporte en vigor.										
Copia do Libro de familia ou documentación acreditativa familia numerosa, se é o caso.										
Convenio regulador ou sentenza de separación acreditar condición familia monoparental										
Certificación académica orixinal emitida pola EOIV conforme ao disposto na Base 7ª										
Copia da última declaración da renda ou certificado de estar exento, se é o caso										
Certificación desemprego INEM e vida Laboral										
Documentación acreditativa do nº de conta bancaria co IBAN do/a solicitante										
Outros. Especificar:										

Solicita, segundo o establecido na convocatoria das Bolsas Concello de Vigo ano 2017, que se lle conceda a mencionada axuda para a participación no programa de estancias lingüísticas no estran-

xeiro para alumnado da EOIV. Así mesmo, declara non estar incurso en ningunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

Vigo, de de 2017
Sinatura do/a solicitante

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL

Con motivo da solicitude de participación na convocatoria das Bolsas "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Ano 2017, dou expresamente o meu consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 20.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información en relación co cumprimento das miñas/nosas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Parentesco co solicitante	Nome e apelidos	DNI / NIE	Sinatura
SOLICITANTE			

Solicita, segundo o establecido na convocatoria de Bolsas "Concello de Vigo", para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), Ano 2017; que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2017

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS AO ALUMNO/A
NO MARCO DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LIN-
GÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.
ANO 2017

Don/dona:
Con enderezo en:
Código postal:
Concello:
co NIF nº

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias lingüísticas no estranxeiro pola que se convocan axudas en réxime de concorrència competitiva dirixidas ao alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo no ano 2017

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.
- Que non ten concedida durante o ano 2016 ningunha outra axuda para a participación en actividades coa mesma finalidade que as previstas nesta convocatoria.
- Que non ten residido nun país de fala do idioma en que se concede a bolsa durante máis de 12 meses, nos últimos 10 anos.
- Que non ten sido beneficiario/a dunha bolsa municipal para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV nas anteriores edicións.
- Que non ten gozado nos cinco últimos anos dunha axuda para un programa similar ou coa mesma finalidade.

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

Vigo,.....de.....de 2017

(sinatura do alumno/a)

ANEXO III

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á BOLSA “CONCELLO DE VIGO”CONCEDIDA PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO. ANO 2017.

Datos do solicitante:

Nome:

1º Apelido:

2º Apelido:

NIF:

ACEPTACIÓN DA BOLSA	RENUNCIA Á BOLSA

--	--

ACHEGO:

Contrato asinado cunha empresa que presta integramente o servizo necesario para o cumprimento do programa de estancias Lingüísticas no estranxeiro aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

SOLICITO:

Sexa admitida e xuntada ao meu expediente, para participar da bolsa "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV, ano 2017.

Asemade, dou a miña conformidade a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Vigo , de do 2017

Sinatura do beneficiario/a

Concello de Vigo. Concellería de Educación
Bolsas "Concello de Vigo" de estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado EOIV.
Prazo do Rei, 1 -11 andar
36202 VIGO

ANEXO IV
PROGRAMA DE ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO.
(BOLSAS CONCELLO DE VIGO. ANO 2017)

Aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo: Acta da Comisión de Valoración do “Programa Estancias Lingüísticas no Estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo” das Bolsas “Concello de Vigo 2017” no día 10 de Novembro de 2016.

Características mínimas do Programa de Formación

Como mínimo cumprírase cos seguintes termos.

1. Curso de lingua

- Duración do curso contratado: 2 semanas (días lectivos: luns – venres)
- Número mínimo de leccións a semana contratadas: 20 leccións / semana | 20 horas / semana.
- Duración mínima de cada lección: 45 minutos.
- Número máximo de estudantes por aula: 16 alumnos.
- Profesorado Nativo na lingua de destino.
- Realización de Test de nivel.
- Diploma acreditativo da realización do programa.
- Características dos centro de estudos:
 - Acreditación/certificación dos centros de estudo: No caso de Inglaterra debe de estar acreditado polo British Council, e nos destinos restantes, nos que sexa posible, por algún organismo nacional ou internacional.
 - A localización: No centro das cidades dos destinos ou cerca da cidade con boa conexión.
 - Recursos: Deben de estar equipados con instalacións modernas (ordenadores, acceso a internet, biblioteca multimedia, espazo de estudos, etc).

2. Aloxamento

O aloxamento dependendo do destino, poderá ser: Hostal - Residencias de estudantes ou apartamentos/pisos compartidos, con habitación dobre compartida e baño compartido. Deberá estar ben comunicado coa escola tendo en conta que estamos en capitais europeas, Tokio e Pekín. Exclúese os destinos de Xapón e China xa que este concepto corre por conta dos bolseiros.

3. Desprazamentos

O desprazamento será en avión dende o aeroporto de Vigo a cidade de destino, tanto na ida como a volta, agás Lisboa, onde poderá ser en avión, tren ou autobús. Os desprazamentos internos quedan excluídos do Programa. Só no destino de Londres, incluírase o desprazamento en autobús dende o aeroporto á residencia e viceversa.

4. Acompañamento

No destino Londres, acompañará un monitor da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis persoas.

5. Seguros

Seguro médico e de asistencia en viaxe.

Desglose cuantías económicas das bolsas por destino:

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
68	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.700,00.-€	115.600,00.-€
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	2.000,00.-€	20.000,00.-€
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00.-€	8.550,00.-€
4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00.-€	6.840,00.-€
2	Lisboa	Avanzado I e II	1.605,00.-€	3.210,00.-€
2	Xapón	Intermedio I, II e III, e Avanzado I e II	2.000,00.-€	4.000,00.-€
1	China	Intermedio I, II e III	1.800,00.-€	1.800,00.-€

92			160.000,00.- €
-----------	--	--	-----------------------

A razón primordial que xustifica a recomendación de que se inclúa o necesario compromiso dos posibles beneficiarios/as das bolsas "Concello de Vigo 2017", de contratar cunha empresa ou entidade cualificada e especializada da súa libre e voluntaria elección, que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa formativo-lingüístico aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV); está baseada na experiencia práctica da EOIV na posta en marcha de iniciativas semellantes, e na información extraída da positiva avaliacións das edicións anteriores destas axudas municipais.

Entendemos que para cada beneficiario/a resulta unha tarefa complicada a xestión de xeito individual de toda a loxística organizativa que inclúe o disfrute da bolsa municipal (desprazamento, aloxamento en destino, escola que imparta o programa formativo validado pola EOIV, coberturas de seguros...), polo que sen dúbida algunha se garante unha xestión máis efectiva e eficiente, recorrendo a empresas especializadas do sector que teñen un coñecemento exhaustivo no campo da promoción do plurilingüismo, e na mobilidade noutros países co obxectivo de acceder ao coñecemento de linguas estranxeiras e á diversidade cultural.

Programa Formativo: Características Específicas

Destino	Tipo Aloxamento	Nº Becas
Londres	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	68
París	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	10
Berlín	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	5
Roma	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	4
Lisboa	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	2
Xapón	Por conta do bolseiro/a e sen comidas.	2
China	Por conta do bolseiro/a e sen comidas.	1

Total Bolseiros: 92

Características Destinos / Estancias:	
Inglate- rra:	Londres
a. Características del curso:	
Ubicación:	Londres Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 24 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudan- tes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo • A Escola deberá estar acreditada (ex: British Council, membro do English UK).
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso

	compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 68	

Francia:	París
a. Características del curso:	
Ubicación:	París Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 24 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel e Diploma Acreditativo • A Escola deberá estar acreditada (ex: TEF, UNOSEL, Chambre de Commerce et d'industrie de Paris,...)
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 10	

Alemania:	Berlín
a. Características del curso:	
Ubicación:	Berlín Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 24 leccións / semana
Duración 1 lección	45 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes
Outros datos de interese:	Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo
b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas. Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas 5	

Italia:	Roma
a. Características del curso:	
Ubicación:	Roma Centro
Duración Programa:	2 semanas
Tipo Curso:	Intensivo: 20 leccións / semana
Duración 1 lección	50 minutos
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo

b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.
Total Bolsas	
4	

Portu- gal:	Lisboa	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Lisboa Centro	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Intensivo: Entre 20-30 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes	
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	En Hostais, Residencias de estudantes ou apartamento/piso compartido, con habitación compartida e baño compartido, e sen comidas.	
Situación:	Deberá estar céntrico e ben comunicado coa escola.	
Total Bolsas		2

Xapón:	Destino aberto	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Destino aberto.	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Estándar: Entre 15- 20 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	16 estudantes	
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 	
b. Características do Aloxamento:		
Aloxamento:	Correrá por conta do bolseiro e sen comidas	
Total Bolsas		2

China:	Destino aberto	
a. Características del curso:		
Ubicación:	Destino aberto.	
Duración Programa:	2 semanas	
Tipo Curso:	Estándar: Entre 15- 20 leccións / semana	
Duración 1 lección	50 minutos	
Nº máximo de estudantes por aula:	14 estudantes	
Outros datos de interese:	<ul style="list-style-type: none"> • Test de Nivel, Material de estudo e Diploma Acreditativo 	

b. Características do Aloxamento:	
Aloxamento:	Correrá por conta do bolseiro e sen comidas.
	Total Bolsas 1

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2017.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, a través do financiamento das actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino, a realizar dentro do ano 2017 e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2017.

SEGUNDA.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.

Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Roma, Berlín, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), agás Lisboa onde poderá ser en avión, tren ou autobús.

Matrícula e custe do curso intensivo nun centro académico do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 leccións semanais en réxime de inmersión lingüística.

Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

Aloxamento en hostais, residencias estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.

Para o destino de Londres; acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos de vinte ou máis personas, e transporte o 1º e último día dende aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.

Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

TERCEIRA.- NÚMERO DE BOLSAS, DESTINOS E CONTÍA.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa	Importe total euros
--------------	---------	-------------------------	--------------	---------------------

			euros	
68	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.700,00	115.600,00
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	2.000,00	20.000,00
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	8.550,00
4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.710,00	6.840,00
2	Lisboa	Avanzado I e II	1.605,00	3.210,00
2	Xapón	Intermedio I, II e III, e Avanzado I e II	2.000,00	4.000,00
1	China	Intermedio I, II e III	1.800,00	1.800,00
92				160.000,00 €

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total destinado a financiar esta convocatoria de bolsas ascende a 160.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.10 "Becas estudos internacionais EOIV" do exercizo de 2017, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentaria futuro de 2017.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta bolsa o alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio I e II, Avanzado I e II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués; nos niveis Intermedio I, II e III e Avanzado I e II do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

OITAVA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das bolsas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local e na páxina web www.eoidevigo.org

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas bolsas, facilitaranse nas oficinas do servizo municipal de educación e nas propias páxinas webs do Concello de Vigo e da EOIV.

NOVENA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

O servizo municipal de educación será a encargada da instrución do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Educación, a Xefa de servizo de Educación e un Técnico da mesma área que actuará como secretario; sendo vocais da mesma o Director e Vicedirectora da EOIV.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 30 de setembro de 2017 (incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PAGO.

O alumnado da EOIV que resulte beneficiario/o poderá solicitar o libramente do primeiro 50% da bolsa no momento da concesión, achegando a documentación preceptiva para elo establecida nas bases da convocatoria.

O pago da contía total da subvención terá lugar tras a xustificación polo/a alumno/a da EOIV beneficiario/a da actividade para a que se concedeu a subvención.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONCESIÓN DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2017.

"De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 160.000,00 € (Cento Sesenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3260.489.00.01

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Alumnado da EOI de Vigo que curse os seus estudos no presente curso académico, en calquera dos niveis Intermedio I e II, Avanzado I e II dos Departamentos dos idiomas inglés, francés, alemán e italiano; nos niveis Avanzado I e II do Departamento do idioma portugués; nos niveis Intermedio I, II e III e Avanzado I e II do Departamento do idioma xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma chinés; que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org, e na web www.eoidevigo.org.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 30 de setembro de 2017 (incluído)

11(1353).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DA XGL DO 11/11/16 DE OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2016. EXPTE. 12786/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo do 2/12/16, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Emprego, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11.11.2016, acordou outorgamento das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2016 (Expte. 12786/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
13215/77	PABLO GONZÁLEZ NÚÑEZ	36149448A	18,7	2.607,17 €

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2016, con data do 11.11.2014 publicouse no taboleiro de edictos do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requerimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda, nun prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación.

Con data do 24.11.2016 e núm. de rexistro 160159802 Pablo González Núñez co DNI 36149448A presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación xustificativa da subvención concedida, conforme ás Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2016.

De xeito simultáneo, con data do 24.11.2016 e núm. de rexistro 160159799 Pablo González Núñez (expte. 13215/77) presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 11.11.2016 pola que se lle concedeu unha axuda por importe de 2.607,17€.

No recurso presentado o representante da empresa manifesta a disconformidade co importe da axuda e solicita admitir o dito recurso e recoñecer o incremento da axuda concedida baseado nas seguintes alegacións:

“... - Na solicitude de axuda, presentouse o anexo IX co listado de facturas presentadas para ter en conta para a subvención, con copia compulsada de cada unha das facturas do listado. Entre esas facturas, se atopaban as correspondentes a gasóleo (SOLRED) e a o imposto de vehículos (Concello de Vigo).

–Na solicitude de axuda se presentaron as facturas polos conceptos anteriormente citados, debido a que na convocatoria de axudas se especifica que serán subvencionables sempre que sexan imprescindibles para a actividade a desenvolver (transportista, comercial, ...).

–Na solicitude de axuda presentouse tamén a documentación solicitada nas bases de convocatoria, entre a que se atopaba a declaración censal da alta (modelo 036), das actividades que ía a desenvolver a empresa.

Neste modelo, se atopaban as actividades nas que estaba das de alta a empresa, e polo tanto, as actividades que ía desenvolver a mesma. Estas actividades son:

–IAE 844. SERVICIOS DE PUBLICIDAD, RELACIONES PÚBLICAS Y SIMILARES.

–IAE 511. AGENTES COMERCIALES

A actividade de PABLO GONZÁLEZ NÚÑEZ, consiste na adquisición dos dereitos de explotación dunha aplicación gratuíta para teléfonos e tablets (iphone, ipad e dispositivos con sistema operativo android) CITYPLAN que proporciona información dos negocios, servizos, ofertas, puntos de interese e acontecementos dunha cidade. Para esta actividade, o promotor dáse de alta na actividade anteriormente comentada IAE 844. Pero para o desenvolvemento completo desta actividade, faise preciso un gran traballo comercial, relacionada coa búsqueda de clientes e usuarios da aplicación, sen os cales a aplicación no tería sentido, e motivo polo cal se da de alta tamén na actividade de axente comercial IAE profesional 511.”

Revisado o expediente 13215/77 a nome de Pablo González Núñez compróbase que no documento 160096045 presentado para a solicitude da axuda faise constar:

- no Anexo VIII. Memoria xustificativa do proxecto empresarial, no seu apartado 2.1 Descrición da actividade empresarial na definición da actividade empresarial a desenvolver: “CITYPLAN é unha aplicación gratuíta para teléfonos e tablets (iphone, ipad e dispositivos con sistema operativo Android) que proporciona información dos negocio, servizos, ofertas, puntos de interés e acontecimientos dunha cidade. Cityplan xeolocaliza aso particulares que dispoñen da aplicación e descubre ou re-descubre todo o que ofrece a cidade”.
- no contido da publicidade aportada pon de manifesto unha actividade baseada nun soporte multimedia.

Ao non formular nin aportar documentación do emprego de vehículo de empresa de xeito manifesto, non se considerou imprescindible o uso de vehículo, tal e como se sinala na base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables nos puntos e) e g), polo que non procede ter en conta as facturas de gasóleo e do imposto de vehículos aportados.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Pablo González Núñez co DNI 36149448A (expte. 13215/77), por canto non procede o obxecto do recurso (admitir as facturas de gasóleo e o imposto de vehículos e incrementar a contía da axuda) segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipáis á Creación de Empresas para o ano 2016.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1354).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102608/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 14/12/16, dáse conta do informe-proposta proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

En relación ás/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificadido	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201600030404	9120.2260901	4.000,00	763,00	05/04/16	10/08/16	05/07/16	3.237,00	---
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201600082684	9120.2200100	1.000,00	1.005,60	18/08/16	24/11/16	18/11/16	----	5,6
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201600091326	9200.2260300	12.000,00	11.982,55	27/09/16	28/11/16	27/12/16	17,45	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600074309	9250.2230000	700,00	338,91	04/08/16	26/10/16	04/11/16	361,09	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201600088322	9250.2279900	17.999,00	6.860,70	13/09/16	15/11/16	13/12/16	11138,3	---

GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050524	3110.1620000	90,00	90,00	10/05/16	14/10/16	10/08/16	----	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050525	3110.2312000	500,00	441,90	10/05/16	14/10/16	10/08/16	58,1	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050528	3110.2302000	231,39	155,58	10/05/16	14/10/16	10/08/16	75,81	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600095373	9200.2219902	500,00	499,37	11/10/16	17/11/16	11/01/17	0,63	---
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	201600090601	9320.2200100	126,00	126,00	22/09/16	06/10/16	22/12/16	----	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600082185	1320.2312000	600,00	----	18/08/16	23/11/16	18/11/16	600,00	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600082186	1320.2269900	3.000,00	375,56	18/08/16	23/11/16	18/11/16	2.624,44	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600068001	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	05/07/16	25/10/16	05/10/16	----	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201600068002	2310.2279900	2.500,00	1.770,00	05/07/16	26/10/16	05/10/16	730	---
TOTAL			68.246,39	49.409,17				18.842,82	5,60

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos 201600030404 e 201600082684 de Abalde Comesaña Raquel, 201600050524, 201600050525 e 201600050528 de García Álvarez Luis, 201600082185, 201600082186 de Martínez Muñoz Francisco, 201600068001 e 201600068002 de Quintela Rodríguez Mª José.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
-----------------	------------------	--------------------

	Se rendiron no prazo establecido a excepción dos libramentos 201600030404 e 201600082684 de Abalde Comesaña Raquel, 201600050524, 201600050525 e 201600050528 de García Álvarez Luis, 201600082185, 201600082186 de Martínez Muñoz Francisco, 201600068001 e 201600068002 de Quintela Rodríguez M ^a José.	
--	--	--

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delegan na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polo seus perceptores, propónse a aprobación das que de seguido se relacionan:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201600030404	9120.2260901	4.000,00	763,00	05/04/16	10/08/16	05/07/16	3.237,00	---
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201600082684	9120.2200100	1.000,00	1.005,60	18/08/16	24/11/16	18/11/16	----	5,6
BARBARÁ RGUEZ. BEATRIZ	201600091326	9200.2260300	12.000,00	11.982,55	27/09/16	28/11/16	27/12/16	17,45	---
ESPADA RECAREY LUIS	201600074309	9250.2230000	700,00	338,91	04/08/16	26/10/16	04/11/16	361,09	---
ESPADA RECAREY LUIS	201600088322	9250.2279900	17.999,00	6.860,70	13/09/16	15/11/16	13/12/16	11138,3	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050524	3110.1620000	90,00	90,00	10/05/16	14/10/16	10/08/16	----	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050525	3110.2312000	500,00	441,90	10/05/16	14/10/16	10/08/16	58,1	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600050528	3110.2302000	231,39	155,58	10/05/16	14/10/16	10/08/16	75,81	---
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201600095373	9200.2219902	500,00	499,37	11/10/16	17/11/16	11/01/17	0,63	---
MAGDALENA VILA M ^a JESÚS	201600090601	9320.2200100	126,00	126,00	22/09/16	06/10/16	22/12/16	----	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600082185	1320.2312000	600,00	----	18/08/16	23/11/16	18/11/16	600,00	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201600082186	1320.2269900	3.000,00	375,56	18/08/16	23/11/16	18/11/16	2.624,44	---
QUINTELA RGUEZ M ^a JOSÉ	201600068001	2310.4800011	25.000,00	25.000,00	05/07/16	25/10/16	05/10/16	----	---
QUINTELA RGUEZ M ^a JOSÉ	201600068002	2310.2279900	2.500,00	1.770,00	05/07/16	26/10/16	05/10/16	730	---
TOTAL			68.246,39	49.409,17				18.842,82	5,60

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1355).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 51698/212.

Dáse conta da proposta de data 19/12/16, asinada polo intendente xefe da Policía Local e o concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao cuarto trimestre do ano 2016 (outubro, novembro e decembro), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2016 (OUTUBRO, NOVIEMBRE E DECEMBRO):

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe/€
50621-212	1320.2270602	SER	Recollida, transporte e análises mostras salivas (convenio Arena)	Drager Safety Hispania, S.A,	11/10/16	10/10/16	13.812,76
50771-212	1320.2330000	SER	XII curso autoprotección para mulleres vítimas violencia xénero	Adolfo Hermida Araujo e outro	20/10/16	24/10/16	1.440,00
GONZALO ARGIBAY BARCIELA	564,76 €
JESUS LOPEZ MOURE	564,76 €
CLUB DEPORTIVO BOMBEROS	484,08 €
JOSE VICENTE FERREIRA	200,45 €
FEDERICO RODRIGUEZ PRIETO	80,64 €
M CONCEPCION MARTINEZ-MURILLO CAMPOS	80,64 €
GERARDO LOPEZ REY	80,64 €
	6.009,29 €

2.- Autorizar o pago ás entidades e persoas autorizadas no punto 1, da proposta da Comisión de Cultura e Deportes do Comité de Persoal do Concello de Vigo, para o pago das devanditas axudas, con cargo á partida 92201620400,.

3.- *Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.*

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1360).- PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE 2016. EXPTE: 29081/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/16, asinado pola técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

“En data 12/11/2016 recíbese doc. 160166439 do Servizo de Educación, no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade para distinto persoal do Servizo de Educación, entre os que se atopan unha auxiliar administrativa e os mestres de oficios e formación da EMAO.

Como xustificación a dita petición infórmase que:

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

A Xunta reitora do extinto Organismo Autónomo EMAO, na súa sesión de data 18 de maio de 2011, por unanimidade acordou o aboamento, en concepto de produtividade, da cantidade de 504,88 € a cada un dos auxiliares administrativos adscritos a dito Organismo, correspondente ao primeiro cuatrimestre de 2011. Posteriormente, en datas 22/11/2011, 17/12/2012, 12/12/2013, 5/12/2014 e 13/11/2015 foron abonadas produtividades ao persoal con categoría de auxiliar administrativo, polo importe da diferenza entre os complementos de destino e específico dos postos de auxiliar administrativo e administrativo, baseadas na iniciativa, eficacia, calidade rendemento extraordinario no logro de resultados con que están a realizar as súas tarefas.

Segundo acordo do Pleno Municipal de data 26 de outubro de 2015, o extinto Organismo Autónomo Municipal Escola Municipal de Artes e Oficios, a partir do 1 de xaneiro de 2016, pasa a ser xestionado de forma directa polo Concello de Vigo.

Antes da súa desaparición como Organismo Autónomo Municipal na súa oficina administrativa contaba con dous postos de auxiliar administrativo.

As tarefas realizadas polo persoal adscrito a ditos postos debido ao aumento de volume de traballo e as necesidades existentes a nivel administrativo, fixeron que fora necesario a realización de funcións propias do posto de administrativo, necesarias para poder levar unha boa xestión e control da oficina administrativa da EMAO, entre as que se atopan as seguintes:

- Xestión administrativa respecto a tramitación de facturas.*
- Xestión administrativa na elaboración e control de Contratos Menores.*
- Xestión administrativa respecto a traslado incidencias de nómina.*
- Xestión administrativa no control e xestión de solicitudes de persoal.*
- Xestión administrativa de control e xestión de expedientes.*
- Xestión administrativa na tramitación de informes e memorias.*
- Xestión administrativa en tarefas de apoio dos departamentos da EMAO:*
- Xestión administrativa en tarefas de apoio ao departamento de Educación,*
- Xestión administrativa no rexistro e tramitación de documentos.*
- Xestión administrativa do control e xestión de arquivo de expedientes.*
- Xestión administrativa da matricula dos cidadans nas distintas actividades do Centro*
- Xestión administrativa no control, rexistro e tramitación de reclamacións e suxestións.*
- Xestión administrativa na tramitación de correspondencia e notificacións.*
- Xestión administrativa de control e xestión de solicitudes de persoal.*
- Xestión administrativa no control e xestión de expedientes.*
- Xestión administrativa para elaboración de bases de datos de provedores.*
- E demais funcións propias do seu posto.*

A partir do xaneiro de 2016, segundo acordo plenario de data 26/10/2015, modifícase a modalidade de xestión dos servizos públicos de educación (Escola de Artes e Oficios), Ocio e tempo libre (Parque das Ciencias-Vigozoo) e Deportes (Instituto Municipal de Educación), dende a xestión directa na modalidade "Organismo autónomo municipal" a xestión directa na modalidade "xestión polo propio Concello", extingúndose consecuentemente os organismos autónomos EMAO, Vigozoo e IMD.

No punto cuarto do referido acordo, acórdase a integración do persoal dos OO.AA nos termos e condicións que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo, as súas condicións laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos.

Por outra banda, no mes de marzo de 2016, un dos efectivos foi trasladado ao Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, ocasionando un incremento das funcións da auxiliar administrativa da EMAO, D^a Matilde León Rodríguez con NP 83165 que ven realizando ditas tarefas, do mesmo xeito, que tal e como se indicaba no parágrafo anterior, con eficacia, calidade e cun rendemento extraordinario no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades no logro de resultados que se lle atribúen á traballadora de referencia.

Por elo, dase traslado a ese servizo de Recursos Humanos, da solicitude de aboamento de complemento de produtividade a empregada municipal D^a. Matilde León Rodríguez, núm. persoal 83165, polo importe da diferenza entre os complementos de destino e específico dos postos de auxiliar administrativo e administrativo, baseadas na iniciativa, eficacia, calidade, rendemento extraordinario no logro de resultados con que están a realizar as súas tarefas ao longo do ano 2016.

MESTRES DE OFICIOS E FORMACIÓN.

A Xunta Reitora da EMAO no ano 2008 aprobou o Plan de Normalización Curricular (PNC) que supuxo a reorganización administrativa e funcional da Escola. O novo escenario modificou así mesmo as condicións e funcións do persoal adscrito a mesma.

No mesmo ano 2008 realizase por parte do Organismo Autónomo EMAO, a contratación da empresa EOSA-Estrategia y Organización S.A. para a realización do estudo sobre "Análise, descrición e valoración de postos de traballo", recolléndose en dito estudo a adecuación retributiva que debe levarse a cabo nos postos existentes na EMAO, xa que ditos postos foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia, sen que as súas retribucións se adecuaran ás funcións desempeñadas ata a data.

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión ordinaria de data 11/12/2009 acordou a equiparación retributiva entre os postos de auxiliar administrativo, ordenanza, administrativo, auxiliar de bibliotecas e técnico medio de bibliotecas da Escola de Artes e Oficios e os postos equivalentes do Concello de Vigo, aprobando as guías de funcións dos mesmos, acordo ratificado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14/09/2009.

Por acordó da Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2016 realízase a reconfiguración dos postos de Profesor/a de Linguas da Comunidade Autónoma

redenominándose “Xefe estudos EMAO”; do Técnico/a Música Tradicional-EMAO ao Plan de Normalización Curricular e as circunstancias actuais da EMAO, así como a súa adecuación retributiva as funcións realmente desempeñadas. Neste mesmo acordo reconfigúrase o posto de “Técnico/a Medio Biblioteca Emao” pasando a denominarse Técnico Medio Biblioteca.

Deste xeito, atópase pendente de aprobación a adecuación retributiva correspondente aos postos de Mestres de Oficios-Emao, Mestres de Formación-Emao e Auxiliar de Biblioteca-Emao, en atención as novas funcións derivadas do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do Organismo no ano 2008 e dos Plans de estudos anuais.

Por acordos da Xunta Reitora de datas 22/12/2011, 17/12/2012, 12/12/2013, 5/12/2014 e 10/12/2015, se ven retribuindo ao persoal da extinta EMAO, aqueles aos que aínda non lles foi realizada a adecuación retributiva, con un complemento de produtividade destinado a retribuír a adaptación das funcións dos postos de Mestres de oficios e Mestres de formación á nova realidade curricular do centro.

En consecuencia, propónse o aboamento dun complemento e produtividade ao persoal adscrito a ditos postos e que se relacionan a continuación, polas cantidades que viñan sendo aboadas segundo os sucesivos acordos da Xunta Reitora da extinta EMAO; en función dos días efectivamente traballados, así como se solicita á Area de Recursos Humanos e Formación a realización das actuacións necesarias ao obxecto de levar a cabo as adecuacións retributivas pertinentes en relación co Plan de Normalización Curricular aprobado no ano 2008 e instaurado na EMAO.

PERSOAL DOCENCIA	Gº	APELIDOS E NOME	Nº PERS.	IMPORTE
Mestre de Oficios CAIM	A2	Carlos Corral Fernández	83162	557,88
Mestre de Oficios CAIM	A2	Xaime Rivas Dacosta	83175	557,88
Mestre de Oficios CAIM	A2	Ramón Rodríguez Casal (Baixa 07.01.16 alta 25.01.16)	83166	528,83
Mestre de Formación Repuxado Coiro	C1	José Antonio Pereira Somoza (Baixa 18.02.16 alta 29.02.16)	83182	3284,92
Mestre de Formación Pintura	C1	M. Paula Pazó Mariño (renuncia voluntaria con efectos dende 29.02.16)	83172	2512,54
Mestre de Formación Escultura e Talla	C1	Rosa M. García Martínez	83171	3396,59
Mestre de Formación Cerámica	C1	Miguel Vázquez Pérez	83177	3396,59
Mestre de Formación Encadernación Artística	C1	Pablo Otero Pino (Baixa 11.04.16 alta 14.04.16)	83174	3359,36

PERSOAL DOCENCIA	Gº	APELIDOS E NOME	Nº PERS.	IMPORTE
<i>Mestre de Formación Encaixe e Palillos</i>	C1	<i>María Ángeles Núñez Rodríguez (Baixa 24.10.16 continúa de baixa)</i>	83181	2782,41
<i>Funcionario interino plans e programas docencia transitoria de Debuxo Artístico</i>	C1	<i>Federico Fernández Alonso</i>	83179	3396,59
<i>Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Moda e Confección</i>	C1	<i>Enma González Pintos</i>	83189	1563,36
<i>Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Serigrafía Artística</i>	C1	<i>Alba Carme Pardo Cartelle</i>	83187	3396,59
<i>Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria de Ourivería</i>	C1	<i>Sandra M. de Jesús Fernández</i>	83192	3396,59

Por Acordo Plenario de data 26 de outubro de 2015, modifícase a modalidade de xestión directa dos servizos públicos, entre outros, o relativo ao que xestiona a EMAO, expediente 1396/110 (1246/1101), dende a modalidade “organismo autónomo local” a xestión directa polo propio Concello de Vigo, extinguíndose, consecuentemente dito organismo autónomo.

De conformidade co establecido no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores o Concello de Vigo subrogase con efectos de 1 de xaneiro de 2016, nos dereitos e obrigacións laborais e de seguridade social que os Organismos Autónomos Parque das Ciencias Vigo-Zoo; Instituto Municipal dos Deportes (IMD) e Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) manteña cos traballadores fixos, temporais, e indefinidos pendentes de regularización que prestan os seus servizos nos entes citados, así como en cantas obrigacións en materia de protección social complementaria houberan adquirido, integrándose o persoal laboral con contrato en vigor e en servizo activo, ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto, no Cadro de Persoal do Excmo. Concello de Vigo.

A integración realízase nos termos e condicións que resulten da natureza ou modalidade dos respectivos contratos mantendo a categoría profesional prevista no mesmo, as súas condicións laborais, a súa antigüidade e demais recoñecementos específicos. O seu réxime retributivo rexeráse polo marco legal de aplicación para o persoal laboral ao servizo das entidades locais, polo convenio colectivo aplicable o seu ámbito e, no seu defecto, polo Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado en sesión plenaria de 28.12.1998.

Como consecuencia do anterior o persoal integrado adquiriu a condición de persoal laboral do Concello de Vigo implicando tal circunstancia a novación subxectiva da relación contractual na persoa do empregador sen dereito a indemnización.

O persoal integrouse nas categorías correspondentes segundo as características do posto de traballo orixinario de referencia no Cadro de Persoal do Concello de Vigo e de non existir, crearonse novas prazas no Cadro de Persoal con categorías específicas de nova creación ou categorías a extinguir do grupo de clasificación correspondente.

Así, crease a Unidade Administrativa 613 “EMAO”, a que se adscriben os seguintes postos:

descpues	Gr	CD	CE	descesco	Nº	V	O
Director/a - emao	A1	0	0	Persoal libre designación	1	1	0
Profesor/a linguas da comunidade autónoma - emao	A1	26	11	Laborais	1	0	1
Técnico/a departamento música tradicional - emao	A1	26	11	Laborais	1	0	1
Mestres de oficios - emao	A2	24	15	Laborais	3	0	3
Técnico/a medio biblioteca - emao	A2	25	17	Laborais	1	0	1
Administrativo/a - emao	C1	19	316	Laborais	2	2	0
Mestres de formación - emao	C1	21	34	Laborais	10	5	5
Auxi. Administrativo/a - emao	C2	16	166	Laborais	1	0	1
Auxiliar biblioteca - emao	C2	16	166	Laborais	1	1	0
Ordenanza - emao	E	14	566	Laborais	4	2	2

En relación coa adecuación retributiva dos postos anteriores, no ano 2008 realizase por parte do Organismo Autónomo EMAO, a contratación da empresa EOSA Estrategia y Organización S.A. para a realización do estudo sobre “Análise, descrición e valoración de postos de traballo”. Neste estudo recóllese a adecuación retributiva dos postos existentes na EMAO ás novas condicións e funcións derivadas do proceso de reorganización administrativa e funcional derivada do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do Organismo no ano 2008, xa que ditos postos foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia, sen que as súas retribucións se adecuaran ás funcións desempeñadas ata a data.

A Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión ordinaria de data 11/12/2009 acordou a equiparación retributiva entre os postos de auxiliar administrativo, ordenanza, administrativo, auxiliar de bibliotecas e técnico medio de bibliotecas da Escola de Artes e Oficios e os postos equivalentes do Concello de Vigo, aprobando as guías de funcións dos mesmos, acordo ratificado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14/09/2009.

Por acordó de data 14/11/2016 realízase a reconfiguración dos postos de Profesor/a de Linguas da Comunidade Autónoma-Emao e Técnico/a departamento música tradicional-

Emao ao Plan de Normalización Curricular e as circunstancias actuáis da EMAO así como a sua adecuación retributiva as funcións realmente desempeñadas.

Deste xeito, atópase pendente de aprobación a adecuación retributiva correspondente aos postos de Mestres de Oficios-Emao, Mestres de Formación-Emao e Auxiliar de Biblioteca-Emao, de xeito de proceder a adaptación retributiva as novas funcións derivadas do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do Organismo no ano 2008 e dos Plans de estudos anuais,, polo que, en consecuencia, a integración do seu persoal no cadro de persoal orzamentario e na relación de postos do traballo do Concello de Vigo, será no marco da xestión municipal no que deberán adoptarse, no seu caso, os actos e acordos tendentes a aprobación das adecuacións retributivas pertinentes

Por acordos da Xunta Reitora de datas 22/12/2011, 17/12/2012, 12/12/2013, 5/12/2014 e 10/12/2015, viña retribuíndose ao persoal da extinta EMAO un complemento de produtividade destinado a retribuír a adaptación das funcións dos postos de Mestres de oficios e Mestres de formación a nova realidade curricular do centro, baseado nas circunstancias excepcionais que están a xustifican a asignación dun complemento de produtividade pola adicación coa que ven desempeñando as súas funcións que permiten sentar as bases para a reorganización e actualización dos servizos de cara a un maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais, xa que os empregados propostos cumpriron coas encomendas realizadas dentro dos plans de actuación e as instrucións recibidas, en canto a implantación e execución dos novos procesos e funcións derivadas do PNC, como son a impartición dalgunha das asignaturas complementarias, a realización de titorías e actividades de seminario, departamento e biblioteca.

Por acordos das mesmas datas aprobouse o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal con categoría de auxiliar administrativo, polo importe da diferenza entre os complementos de destino e específico dos postos de auxiliar administrativo e administrativo, baseadas na iniciativa, eficacia, calidade, rendemento extraordinario no logro de resultados con que están a realizar as súas tarefas, toda vez que esta a desenvolver os novos aspectos de xestión e informáticos derivados da reorganización (elaboración de expedientes informatizados, sistemas electrónicos de matrícula e xestión do alumnado, xestión de provedores e subministros, apoio na xestión de persoal, etc. Esta nova especial adicación xa se recolle na proposta de valoración, pendente de trámite e aprobación, ao propoñer a amortización deste posto de auxiliar polo superior de Administrativo, máis acorde coas funcións efectivamente desenvolvidas. Mesmo os postos de administrativo están previstos, e vacantes, actualmente, no vixente cadro de persoal da EMAO.

En consecuencia, propónse o aboamento dun complemento e produtividade ao persoal adscrito a ditos postos polas cantidades que viñan sendo aboadas segundo os sucesivos acordos da Xunta Reitora da extinta EMAO.

Dacordo as xornadas efectivamente traballadas, as cantidades propostas para cada un dos empregados municipais son:

PERSOAL DOCENCIA	Gº	APELIDOS E NOME	Nº PER.	IMPORT E
Mestre de Oficios CAIM	A2	Carlos Corral Fernández	83162	557,88
Mestre de Oficios CAIM	A2	Xaime Rivas Dacosta	83175	557,88

PERSOAL DOCENCIA	G°	APELIDOS E NOME	N° PER.	IMPORT E
Mestre de Oficios CAIM	A2	Ramón Rodríguez Casal (Baixa 07.01.16 alta 25.01.16)	83166	528,83
Mestre de Formación Repuxado Coiro	C1	José Antonio Pereira Somoza (Baixa 18.02.16 alta 29.02.16)	83182	3284,92
Mestre de Formación Pintura	C1	M. Paula Pazó Mariño (renuncia voluntaria con efectos dende 29.02.16)	83172	2512,54
Mestre de Formación Escultura e Talla	C1	Rosa M. García Martínez	83171	3396,59
Mestre de Formación Cerámica	C1	Miguel Vázquez Pérez	83177	3396,59
Mestre de Formación Encadernación Artística	C1	Pablo Otero Pino (Baixa 11.04.16 alta 14.04.16)	83174	3359,36
Mestre de Formación Encaixe e Palillos	C1	María Ángeles Núñez Rodríguez (Baixa 24.10.16 continúa de baixa)	83181	2782,41
Funcionario interino plans e programas docencia transitoria de Debuxo Artístico	C1	Federico Fernández Alonso	83179	3396,59
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Moda e Confección	C1	Enma González Pintos	83189	1563,36
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Serigrafía Artística	C1	Alba Carme Pardo Cartelle	83187	3396,59
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria de Ourivería	C1	Sandra M. de Jesús Fernández	83192	3396,59
Auxiliar Administrativa	C2	Matilde León Rodriguez	83165	1402,39

Toda vez que o complemento de produtividade ven definido na vixente lexislación como aquel destinado a retribuir un especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que os funcionarios desempeñan o seu traballo, polo tanto está a retribuir a contribución do empregado publico a organización.

Ata a data, a medición da contribución do empregado publico non se ven realizando dada a ausencia de implementación de técnicas axeitadas, alexadas da cultura burocrática aínda existente nas organizacións públicas, de xestión dos recursos humanos

A xustificación do outorgamento dun complemento de produtividade ven dado pola consecución dos obxectivos asignados a súa unidade administrativa.

A produtividade a de entenderse como un incentivo ao rendemento, entendendo incentivo de xenerador dun proceso que activa, dirixe e mantén un determinado comportamento, sendo este motivado por factores intrínsecos e/ou extrínsecos, sendo o máis obvio o económico, as retribucións asociados ao rendemento.

O devengo de dito complemento haberá de ser proporcional as funcións desenvolvidas,

sendo necesario o efectivo desempeño das actividades e funcións, tendo en conta a calidade do traballo desenvolvido, a iniciativa e autonomía con que se desenvolve e a disponibilidad e actitude positiva mostrada polo empregado municipal, sendo estes apreciados polo seu superior xerárquico.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Este réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

- 1. A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada

Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- 1. Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*
- 2. Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- a) Aprobar como criterio obxectivo de cálculo do importe proposto en concepto de produtividade para os postos de Mestres de Oficios e Mestres de Formación , as diferencias retributivas existentes entre as actuais e as propostas no estudo “Análise,descrición e valoración de postos de traballo”,realizado pola consultora EOSA-Estrategía y Organización S.A., baseado nas novas condicións e funcións derivadas do proceso de reorganización administrativa e funcional derivada do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do Organismo no ano 2008, xa que ditos postos foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia.
- b) Acordar o outorgamento aos empregados municipios adscritos ao Servizo de Educación EMAO, con postos de Mestres de Oficios e Mestres de Formación e que se relacionan no Anexo I, un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas, segundo informe do servizo de data 12/11/2016, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións durante o ano 2016.
- c) Outorgar a empregada municipal D^a Matilde León Rodríguez, con núm. persoal 83165, auxiliar administrativa adscrita ao servizo Educación-EMAO, un complemento de produtividade polo especial rendemento, actividade extraordinaria e interés e iniciativa con que está a desenvolver as suas funcións.
- d) Aprobar o aboamento da cantidade de 1.402,39€. calculado segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, en referencia ao desempeño de posto de categoría superior a empregada municipal D^a Matilde León Rodríguez, con núm. persoal 83165 no presente ano 2016.
- e) Comprometer o gasto total de 33.532,52€, a aboar en concepto de produtividade aos empregados municipais que se relacionan no Anexo I e nas cantidades propostas, con cargo a aplicación orzamentaria 92001500000.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO I

PERSOAL DOCENCIA	APELIDOS E NOME	Nº DE PERSOAL	IMPORTE
Mestre de Oficios CAIM	Carlos Corral Fernández	83162	557,88 €
Mestre de Oficios CAIM	Xaime Rivas Dacosta	83175	557,88 €
Mestre de Oficios CAIM	Ramón Rodríguez Casal (Baixa 07.01.16 alta 25.01.16)	83166	528,83 €
Mestre de Formación Repuxado Coiro	José Antonio Pereira Somoza (Baixa 18.02.16 alta 29.02.16)	83182	3.284,92 €
Mestre de Formación Pintura	M. Paula Pazó Mariño (renuncia voluntaria con efectos dende 29.02.16)	83172	2.512,54 €
Mestre de Formación Escultura e Talla	Rosa M. García Martínez	83171	3.396,59 €
Mestre de Formación Cerámica	Miguel Vázquez Pérez	83177	3.396,59 €
Mestre de Formación Encadernación Artística	Pablo Otero Pino (Baixa 11.04.16 alta 14.04.16)	83174	3.359,36 €
Mestre de Formación Encaixe e Palillos	María Ángeles Núñez Rodríguez (Baixa 24.10.16 continúa de baixa)	83181	2.782,41 €
Funcionario interino plans e programas docencia transitoria de Debuxo Artístico	Federico Fernández Alonso	83179	3.396,59 €
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Moda e Confección	Enma González Pintos	83189	1.563,36 €
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria Serigrafía Artística	Alba Carme Pardo Cartelle	83187	3.396,59 €
Funcionaria interina plans e programas docencia transitoria de Ourivería	Sandra M. de Jesús Fernández	83192	3.396,59 €
Auxiliar Administrativa	Matilde Leon Rodriguez	83165	1.402,39 €
		Total	33.532,52 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1361).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA DE CORREA CORREDOIRA “AIRE” PARA EXPOSICIÓN NA SEDE DA FUNDACIÓN LUIS SEOANE. EXPTE. 5628/337.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/12/16, asinado polo director do Museo, o xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 19 de febreiro de 2016 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito do Director da Fundación Luis Seoane, no que se informa da organización para o presente ano da exposición “Os días pintados. Xavier Correa Corredoira” que se celebraría na sede

da Fundación entre o 15 de xullo e o 16 de outubro de 2016. Nese escrito a Fundación solicitaba o préstamo temporal dunha obra deste artista, que forma parte da colección de arte do Concello de Vigo e que se custodia dende este museo.

Con posterioridade a propia Fundación informa ao Museo “Quiñones de León” da imposibilidade de afrontar o proxecto nas datas inicialmente previstas polo que a tramitación administrativa do préstamo temporal queda paralizada.

Finalmente, o pasado 21 de outubro, de novo a Fundación Luis Seoane diríxese ao Concelleiro de Cultura para informarlle da súa intención de retomar este proxecto expositivo e renova a solicitude formal de préstamo temporal da obra de arte Aire para a exposición “Os días pintados. Xavier Correa Corredoira”, a celebrar na sede da Fundación Luis Seoane (rúa San Francisco, 27 15001 A Coruña) entre os días 27 de xaneiro e o 21 de maio de 2017.

Trátase dunha exposición retrospectiva do artista Xavier Correa Corredoira a través de cuxa traxectoria perséguese entender a actividade artística en Galicia entre os anos setenta e oitenta. Para esta exposición a Fundación Luis Seoane solicita de novo ao Museo municipal “Quiñones de León” o préstamo temporal da obra:

- Artista: Xavier Correa Corredoira
- Nº Inv.: 1070
- Técnica: Ferro galvanizado, madeira e area
- Dimensións: 227 x 180 cm
- Título: Aire
- Valor a efecto de seguro: 6.000 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións na sede da Fundación Luis Seoane (rúa San Francisco, 27 15001 A Coruña)

Estudado o Facility Report que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita a obra, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓN LEGAIS.

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio

cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arte do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á Xunta de Goberno Local:

1.- *“Autorizar o préstamo temporal da seguinte obra:*

- *Artista: Xavier Correa Corredoira*
- *Nº Inv.: 1070*
- *Técnica: Ferro galvanizado, madeira e area*
- *Dimensións: 227 x 180 cm*
- *Título: Aire*
- *Valor a efecto de seguro: 6.000 euros*

á Fundación Luis Seoane, organizadora da exposición “Os días pintados. Xavier Correa Corredoira” que se celebrará na sede da Fundación entre 27 de xaneiro e o 21 de maio de 2017, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

2.- *“En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte da Fundación Luis Seoane, como promotor da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída de obra por parte da Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1362).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.